

# THE RAPANTS

## The Rapants publicará o 14 de marzo o seu novo álbum, *La máquina del buen rollo*

O terceiro LP da banda muradá, o máis “cañeiro” ata o momento, consta de nove temas, entre os que se inclúen os sinxelos *Blaster W4U* e *Rue Franklin*



Samu, Matías, Xaquín e Xanma son The Rapants © Andrea Sánchez

**Muros, 29 de febreiro de 2024.-** Comeza a conta atrás para a posta en marcha de *La máquina del buen rollo*. O terceiro e agardado novo LP de The Rapants, a banda que despunta no marco do panorama musical galego, xa ten data de lanzamento e as súas novas creacións verán a luz o xoves 14 de marzo. O disco, “máis tranqui pero máis cañeiro que os anteriores”, e do que o grupo salienta a produción e o seu son, “moi próximo ao que o público pode escoitar en directo”, estará dispoñible tanto nas [principais plataformas dixitais](#) coma en formato físico.

[La máquina del buen rollo](#) é a nova creación de Matías, Samu, Xanma e Xaquín, o cuarteto muradán que asina algúns dos temas máis bailados do pasado verán, como *La favorita* ou *O Avión*. Este mes de marzo publica o seu novo traballo discográfico, do que xa se coñecen os dous primeiros avances: [Blaster W4u](#), e [Rue Franklin](#). Agora, en tan só quince días, poderanse escoitar as outras sete cancións que completan o álbum, un traballo no que conviven as letras e os estribillos “de estilo rapante”, e que destaca pola variedade estilística ao servizo da música disco, do baile e, como reza o propio nome do álbum, ao cabo, “do bo rollo”.

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants | The Office Comunicación  
Lucía Pita. 675 404 321 [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

# THE RAPANTS

Así, se con *Blaster W4u* -o primeiro sinxelo do LP- The Rapants sorprendía ao público cun tema animado, que deixaba entrever o ambiente disco e bailable do álbum -que semellaba un punto de inflexión respecto a *O corazón como un after-*, coas guitarras de *Rue Franklin* amosaba que o rock máis enérxico e característico do grupo, recoñecido pola forte conexión que establece co público nos seus directos, estaría moi presente en *La máquina del buen rollo*. Precisamente esta era a intención da nova produción, gravada por Paco Loco nos seus estudos de Puerto de Santa María o pasado mes de outubro: conseguir plasmar a enerxía que The Rapants desprende sobre o escenario e que é o seu sinal de identidade.

## 'La máquina del buen rollo', ao vivo

Algúns dos temas do novo disco de The Rapants soarán, como avances, o 9 de marzo en Bruxelas, durante a celebración do festival EmigraSon, mais non será até o **23 de marzo** cando teña lugar a festa de presentación oficial do disco, cuxas entradas "voaron" a mañá na que se puxeron á venda: os billetes para a **Sala Capitol** esgotáronse aos 15 minutos. A resposta do público provocou que a banda reservara, inmediatamente, unha segunda data no recinto o domingo **24 de marzo**. As entradas para esta nova cita vendéronse, na súa totalidade, en menos de dúas horas.

A banda muradá afronta o 2024 cunha chea de concertos xa confirmados, como a súa participación no **Ourensound**, **Surfing The Lérez**, **Portamérica**, **SonRías Baixas** ou **Osa do Mar**, entre outros. Ademais, é **finalista nos Premios Mestre Mateo** do audiovisual polo videoclip de [Fai tempo](#), e é **candidata aos Premios MIN da Música** Independiente en sete categorías: Mellor artista emerxente, Mellor videoclip, Mellor directo, Mellor álbum de pop, Mellor álbum en galego, Mellor produción musical e Mellor letra orixinal.

## Tracklist 'La máquina del buen rollo'

1. *Meu Cariño*
2. *Tuenti*
3. *Blaster W4u*
4. *A Lus*
5. *Rue Franklin*
6. *Chusma Riders*
7. *Novio Imaginario*
8. *Country Asesino*
9. *Cando Pensa En Min*

Autoría e produción: The Rapants.

Gravado e misturado en Paco Loco Recording Studios (Puerto de Santa María, Cádiz).

Enlace pre-save: <https://links.altafonte.com/2kvmq9w>

Accede ao [kit de prensa](#) de The Rapants

Contacto de prensa The Rapants | The Office Comunicación  
Lucía Pita. 675 404 321 [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)